



# Curso de Simulación de redes locais con VirtualBox: Obxectivos e escenarios da PARTE VI

- Nesta **Parte VI** veremos como simular o servizo de **routing** ou **enrutamento** con máquinas virtuais en VirtualBox.
- Vaise facer un routing moi simple, con NAT no lado de internet (WAN).
- No primeiro escenario, o routing vaise realizar cun servidor MV Windows Server, que dará saída ao exterior ás demais MVs dos distintos escenarios:



- No segundo escenario, o routing realizase cun servidor Debian:



- Nos dous escenarios pódese ver como un servidor actúa de router:
  - ◆ **Lado LAN:** ten unha IP que está na mesma rede-IP (172.16.0.0/16) que os demais equipos da LAN.
  - ◆ **Lado WAN:**
    - ◇ Ten unha IP que lle permite conectarse con outro equipo do exterior.
    - ◇ Fai NAT, para que cando un equipo da rede LAN 172.16.0.0/16 desexe saír ao exterior a petición sexa transformada a como se a fixera o propio equipo router.
- Estes escenarios proporcionan unha configuración similar á da **rede NAT** de VirtualBox, e permite que cada usuario poida ter un escenario moi "limpo" sen as complexidades que entrañan o ter que traballar con varios adaptadores de rede en cada MVs. Estas MVs están illadas das demais MVs de outros equipo a través do router, pois este fai NAT.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --